



PREGUNTA ORAL SOBRE A SINATURA DO CONVENIO DE ÁREA SANTIAGO E O PLAN DE ACCIÓN DESTA AGRUPACIÓN DE INTERESE TURÍSTICO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2014 púxose en marcha a agrupación de concellos "Área Santiago" coa finalidade levar a cabo unha acción conxunta de promoción turística que potenciase o atractivo e as posibilidades turísticas dunha ampla zona central de Galicia arredor da cidade do Apóstolo. Con ese fin asinouse un convenio e elaborouse un Plan de Acción que debería ser actualizado de común acordo entre as partes.

A pesar das continuas iniciativas do Grupo Popular para manter e reforzar o papel desta agrupación, o Goberno de Compostela Aberta foi incapaz de asinar un novo convenio ao longo de todo o ano 2017, así como de elaborar e poñer en marcha un Plan de Acción que servira de marco para a actividade deste órgano.

Rematado o ano 2017 se ter noticias dun novo convenio nin do Plan de Acción para ese ano e ante o comezo dun novo ano fórmulase a seguinte pregunta:

Que previsións existen para asinar ese convenio e elaborar ese Plan de Acción en 2018 e iniciar dunha vez a acordada potenciación desta agrupación de concellos para a promoción turística?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Popular